

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN A ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN, E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS.

1. OBXECTO DO CONTRATO

O presente prego de prescricións técnicas ten por obxecto establecelas características que deben reunir as prestacións do contrato de servizos para a organización, planificación e impartición das actividades deportivas e escolas deportivas no Concello de Arzúa.

1.1.- Organización de actividades deportivas municipais.

A empresa adjudicataria colaborará con monitores, medios de transporte de material e persoal de carga e descarga, na posta en funcionamento de:

A. Actividades Deportivas Municipais: "Día do Deporte na Rúa", "Campamento Municipal de Verán", xornadas de exhibición das Escolas Deportivas, Escolas Deportivas de verán, e liga local de fútbol-sala, liga intermunicipal (senior e categorías base) de fútbol-sala, ou calquera outra actividade puntual que se organice dende a Concellería de Deportes

B. Escolas Deportivas Municipais:

B1) Escolas Deportivas Municipais destinadas a adultos: ioga, ximnasia 3ª idade, tenis.

As actividades de tenis e ioga estarán dirixidas a persoas maiores de 16 anos. No caso da ximnasia estará dirixida a persoas de 60 ou mais anos.

B2) Escolas Deportivas Municipais destinadas a usuarios en idade escolar: tenis, patinaxe, minibasket, baloncesto, badminton.

As idades dos deportistas comprenderán dende os 5 anos ata os 18, ámbolos dous incluídos.

O número mínimo de persoas nas distintas disciplinas será de 15 agás para a actividade de tenis.

O número máximo de alumnos por grupo será de 20, agás para o tenis.

Para o tenis, ou calquera outra actividade de raqueta, o número de persoas por grupo repartírase da seguinte maneira:

- De 5 a 8 anos: 12 persoas.
- De 9 a 11: 10 persoas.
- De 12 a 14: 8 persoas.
- De 15 a 18: 6 persoas.
- Adultos: 6 persoas.

Para o caso de que o número de alumnos/as que soliciten participar na correspondente actividade non alcance o número mínimo esixido para un grupo poderase acordar a supresión dese grupo e incluso, no seu caso, da totalidade da actividade. Neste caso, si existe demanda suficiente, o Concello poderá acordar a realización polo adxudicatario doutra actividade similar, en substitución da suprimida.

O número de horas semanais, durante os meses de outubro a maio prestadas polo adxudicatario nas distintas disciplinas será de:

- Tenis: 14 horas
- Minibasket: 1 hora
- Baloncesto: 1 hora
- Badminton: 1 hora
- Ximnasia 3ª idade: 6 horas
- Ioga: 2 horas
- Patinaxe: 2 horas

TOTAL= 864

O número de horas semanais, durante os meses de xullo e agosto prestadas polo adxudicatario nas distintas disciplinas será de:

- Tenis: 12 horas

TOTAL= 96

NÚMERO TOTAL DE HORAS OBXECTO DO CONTRATO= 960

As actividades desenvolveranse para o caso das escolas deportivas de idade escolar fóra da xornada educativa e rematarán como moi tarde ás 22:00. Na memoria establecerase a proposta de horario de cada actividade. En calquera caso terase en conta para o establecemento do horario (cuxa definitiva determinación lle compete ao Concello) as preferencias dos usuarios polo que a proposta definitiva de horarios (que se realizará polo adxudicatario unha vez determinado o número exacto dos grupos) pode alterar o horario proposto na memoria. Calquera variación no horario requirirá a aprobación da Concellaría de Deportes.

C. Poñer en funcionamento e promover a práctica de xogos tradicionais.

Estas serán as modalidades deportivas que se ofertarán aos usuarios/as. De non existir demanda suficiente por parte da poboación en algunha destas modalidades, poderán substituírse por outras, comunicandoo previamente á Concellaría de Deportes, que deberá de autorizar dito cambio.

Os custes destes servizos, tanto do persoal coma dos medios materiais, están incluídos no prezo de licitación.

1.2. Persoal técnico - docente das Escolas Deportivas Municipais.

A empresa adxudicataria está na obriga de prestar os servizos con persoal técnico-docente debidamente cualificado nas diferentes modalidades que se oferten anualmente no marco de actividades e escolas deportivas municipais.

A empresa adxudicataria está na obriga de nomear unha persoa do seu cadro de persoal, con experiencia e cualificación suficiente para a coordinación da totalidade das Escolas e para asesorar ao Concello en todo aquilo que reverta nunha unha maior calidade do servizo aos usuarios, así como na ampliación da oferta de actividades a desenvolver.

1.3. Instalacións, medios materiais e datas nas que se presta o servizo.

A. Instalacións.

O Concello de Arzúa conta coas seguintes instalacións para a realización das actividades e escolas deportivas: Pavillón O Cruceiro de Sta. María, Pavillón do Viso, Complexo Polideportivo do Viso, Multiusos Terra do Queixo, Edificio María Mariño, Local Social de Sta. María, Instalacións de xogos tradicionais de Sta María e Polideportivo do Viso.

O Concello dispón doutras áreas e instalacións municipais que poden ser tamén destinadas a actividades deportivas; polo tanto, os lugares onde se prestará a actividade poden variar segundo a dispoñibilidade das instalacións, pero en calquera caso realizaranse no termo municipal.

B. Medios materiais.

O Concello de Arzúa aportará o material necesario para a impartición das diferentes actividades, debendo o adxudicatario comunicar as necesidades de reposición cando se estime necesario.

O adxudicatario responsabilizarase do bo uso deste material e procederá á súa recollida unha vez rematada a actividade, comprometéndose a manter en orde os almacéns onde se garda.

2. EXECUCIÓN DOS SERVIZOS.

2.1.- Para a execución dos servizos descritos no apartado 1 deste Prego, a empresa adxudicataria obrígase a aportar o persoal necesario e debidamente cualificado, pertencente ao seu propio cadro de persoal, así como os medios técnicos da súa propia organización, tales como vehículo para traslado de materiais e persoal, ferramenta de man, roupa de traballo, equipos de seguridade, etc...

2.2.- No caso de enfermidade ou calquera outro tipo de ausencia do persoal técnico-docente designado pola empresa adxudicataria para a execución dos servizos, esta obrígase a substituílo de forma inmediata.

2.3.- O persoal que asigne a empresa adxudicataria para a execución dos servizos dependerá xerarquicamente da súa propia organización, para o que a empresa adxudicataria deberá designar a persoa que exerza como responsable da súa execución a efectos de cumprir as indicacións que para a debida coordinación de trabados se lle fagan polo Coordinador/a Deportivo/a Municipal, Concelleiro de deportes, ou o Alcalde do Concello.

3. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

O/A contratista, baixo a supervisión do responsable do contrato, achegará a súa propia dirección e xestión na execución do contrato sendo responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolve e das prestacións e servizos

realizados. Asemade, non poderá introducir alteracións no contrato ao longo da súa execución sen autorización previa do órgano de contratación, que recibirá puntualmente información de todas as incidencias que ocorran no transcurso do mesmo.

Para a execución do contrato a empresa adxudicataria disporá dos medios persoais axeitados para a atención dos servizos contratados, tendo en conta o persoal correquendas que resulte necesario.

A empresa adxudicataria garantirá ao Concello de Arzúa que todos os servizos que se lle encarguen serán executados coas normas de boa práctica profesional que requiran, e que o persoal que os leve a cabo reunirá as cualificacións técnicas ofrecidas e a experiencia necesaria.

En función da marcha dos servizos, o Concello de Arzúa, poderá solicitar á empresa adxudicataria a súa colaboración adicional, na medida en que fose necesaria para o bo fin dos mesmos, previa valoración do seu custe, que será aboado ao marxe do prezo do contrato.

A empresa adxudicataria estará obrigada a subscribir unha póliza de seguros que cubra un risco de 600.000 €, como mínimo, por sinistro, como garantía de responsabilidade civil e danos corporais ou materiais causados a terceiros por accidente ou negligencia.

4. OBRIGAS DA EMPRESA ADXUDICATARIA.

4.1.- Executar os traballos na forma, tempo e condicións establecidas.

4.2.- Manter en perfecto estado de organización e limpeza os locais, dependencias, mobiliario e materiais, tanto deportivos coma de reposto.

4.3.- Estrito cumprimento das normas que regulen o control sanitario dos pavillóns, piscinas e o seu tratamento, instalacións, e demais extremos relacionados con cada actividade, así como as establecidas na lexislación vixente.

4.4.- Aportar pola súa conta o vestiario preciso para realizar os servizos. A empresa adxudicataria coidará que este vestiario sexa axeitado a cada unha das labores a desenvolver.

4.5.- Aboar as retribucións que correspondan aos árbitros da liga local de fútbol sala.

4.6.- Facilitar aos seus traballadores os medios materiais precisos para levar a cabo o seu traballo nas condicións establecidas.

4.7.- Permitir a entrada libre aos recintos e instalacións a tódalas persoas provistas dos correspondentes billetes que cumpran os demais requisitos esixibles.

4.8.- Permitir aos/ás usuarios/as o acceso aos servizos con estrita igualdade de trato, e adoptar cantas disposicións en medida de seguridade sexan necesarias para evitar todo tipo de danos a persoas e bens.

4.9.- Garantir que durante o horario de desenvolvemento do servizo, os monitores non utilicen elementos como teléfonos móbiles ou aparellos de música, comer dentro das instalacións, ler ou citarse con persoas alleas ao servizo.

4.10.- Garantir que os monitores realicen a toma de datos de asistencia ás sesións por parte dos participantes.

4.11.- Garantir a integración física dos discapacitados, minorías étnicas e diversidades culturais.

4.12.- Garantir que se respecte o principio de equidade e igualdade efectiva de xénero.

4.13.- Entregar mensualmente a través do rexistro xeral do Concello un informe (cuxo modelo será entregado pola Concellaría de Deportes) sobre o estado das instalacións e do número de ausencias en cada grupo.

4.14.- Velar eficazmente para que os/as usuarios/as das instalacións se comporten debidamente e respecten as normas de convivencia e hixiénicas adecuadas, así como os regulamentos e ordenanzas que se promulguen.

4.15.- Non exhibir ningunha clase de anuncios ou propaganda.

4.16.- Prestar os servizos co persoal proposto e, se fose necesario, con persoal suplente da mesma categoría profesional.

4.17.- Cumprir estritamente co establecido nos regulamentos de réxime interior das instalacións en que presta os seus servizos.

4.18.- Cumprir as ordes e instrucións que, en exercicio das súas competencias, lle comuniquen o responsable do contrato, no seu caso, o Coordinador/a Deportivo/a Municipal, o Concelleiro de deportes e o Alcalde do Concello, para unha eficaz realización dos traballos.

4.19.- Responder da calidade técnica da prestación dos servizos, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración contratante e para terceiras persoas das omisións, erros, métodos non axeitados na execución dos traballos, actividades, escolas e calquera outras responsabilidades derivadas das tarefas contratadas.

4.20 Cumprir as disposicións laborais, de seguridade social, seguridade e hixiene no traballo, e coa facenda pública, inherentes á súa condición de empresario, en relación co persoal ás súas ordes que preste o servizo. Dito persoal terá dependencia laboral única e exclusivamente do contratista.

4.21- Indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen, por si ou polo persoal ou medios dependentes do mesmo, á Administración, aos/ás usuarios/as dos servizos, e a terceiros, como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.

4.22.- Subscribir unha póliza de seguros que cubra un risco de 600.000 €, como mínimo, por sinistro, como garantía de responsabilidade civil e danos corporais ou materiais causados a terceiros por accidente ou negligencia.

4.23.- Cumprir, ademais das expresadas, con todas as demais obrigas que lle veñan impostas en relación co obxecto do contrato, así como por precepto legal ou regulamentario.

5. OBRIGAS DA ADMINISTRACIÓN.

5.1.- Vixiará e supervisará, a través da Concellaría de Deportes, o correcto cumprimento do contrato.

5.2.- Comprobará que as tarefas encomendadas se realizan de conformidade coa oferta da empresa adxudicataria e en todo caso coas esixencias dos pregos que rexen esta convocatoria.

5.3.- Informará e, no caso, aprobará calquera modificación que se propoña no desenvolvemento das funcións obxecto deste prego.

5.4.- Realizará o deseño da campaña promocional previa á matriculación.

5.5.- Pagará os servizos obxecto do contrato de conformidade co disposto no prego de cláusulas administrativas.

6. USO DA LINGUA GALEGA

Todos os documentos escritos que se deriven desta relación contractual entre o Concello de Arzúa e a empresa adxudicataria redactaranse en lingua galega, así como toda información pública (rótulos, indicadores...) derivada dos servizos obxecto deste contrato.

A empresa adxudicataria porá á fronte dos servizos obxecto deste contrato, persoal con competencia lingüística suficiente para desenvolver todas as actividades en lingua galega, sen prexuízo do respecto aos dereitos lingüísticos individuais de todos/as os/as usuarios/as cando así os demanden.